



| Guía Docente          |  |          |                    |  |
|-----------------------|--|----------|--------------------|--|
| Datos Identificativos |  |          |                    | 2017/18  |
| Asignatura (*)        | Traballo fin de mestrado (TFM)   | Código   | 652512208          |  |
| Titulación            | Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativa   |          |                    |  |
| Descriptorios         |  |          |                    |  |
| Ciclo                 | Período  | Curso    | Tipo               | Créditos   |
| Mestrado Oficial      | 2º cuatrimestre  | Primeiro | Obrigatoria        | 6  |
| Idioma                | CastelánGalego   |          |                    |  |
| Modalidade docente    | Presencial   |          |                    |  |
| Prerrequisitos        |  |          |                    |  |
| Departamento          | Pedagogía e Didáctica  |          |                    |  |
| Coordinación          |  |          | Correo electrónico |  |
| Profesorado           | Cruz Lopez, Laura<br>Fernandez Prieto, Marta<br>Iglesias Galdo, Ana Maria<br>Mendez Garcia, Rosa Maria<br>Pose Porto, Hector Manuel<br>Rouco Ferreiro, Javier Francisco<br>Sanchez Bello, Ana<br>Sanchez Blanco, Concepcion<br>Serantes Pazos, Araceli<br>Teasley Severino, Cathryn<br>Torres Santomé, Jurjo   |          | Correo electrónico | laura.cruz@udc.es<br>marta.prieto1@udc.es<br>ana.iglesias@udc.es<br>rosa.mendez@udc.es<br>hector.pose@udc.es<br>javier.rouco@udc.es<br>ana.sanchez.bello@udc.es<br>concepcion.sanchez.blanco@udc.es<br>araceli.serantes.pazos@udc.es<br>cathryn.teasley1@udc.es<br>jurjo.torres@udc.es |
| Web                   | <a href="http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=table&amp;id_titulacion=600">http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=table&amp;id_titulacion=600</a>  |          |                    |  |
| Descrición xeral      | <p>El Trabajo de Fin de Máster es una materia obligatoria del Plan de Estudios, de 6 créditos y supone la realización por parte del alumnado de un proyecto, memoria o estudio, en el que aplique y desarrolle los conocimientos adquiridos en el Máster. El Trabajo deberá estar orientado a la aplicación de las competencias asociadas a la titulación.</p> <p>Para poder presentar el TFM el estudiante deberá tener aprobado el 60% de los créditos, entre ellos se incluirán los de carácter obligatorio.</p> <p>El TFM consistirá en un proyecto innovador, personal y original sobre temáticas relacionadas con el programa de Máster. El estudiante lo presentará ante el responsable del Máster y deberá ir avalado obligatoriamente por el/la director/a o tutor/a del trabajo.</p> |          |                    |  |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A1                                  | Ser capaz de identificar os diferentes fundamentos teóricos e metodolóxicos dun proxecto de educación democrática e crítica, facendo especial énfase nos dereitos humanos e a igualdade de xénero, desenvolvendo culturas da mediación e da paz.    |
| A2                                  | Utilizar modelos colaborativos de acción socioeducativa que promovan verdadeiras comunidades de aprendizaxe, favorecendo o traballo en contornos multiprofesionais  |
| A3                                  | Elaborar plans estratéxicos a nivel directivo e operativo para asegurar o incremento da calidade nas organizacións ou institucións educativas.  |
| A4                                  | Identificar os principios, modelos de excelencia e normas de xestión da calidade, aplicar os seus procedementos e redactar cartas de servizos.  |
| A5                                  | Deseñar, analizar, seleccionar e aplicar técnicas e instrumentos de recollida e análise da información para desenvolver procesos de avaliación de programas, servizos, estratexias e recursos de intervención socioeducativa en diversos contextos. |
| A6                                  | Desenvolver proxectos educativos de centro e/ou propostas pedagóxicas innovadoras baseadas na xustiza, a democracia e a diversidade.  |
| A7                                  | Ser capaz de establecer estratexias de liderado e empoderamento dos distintos axentes sociais que favorezan un clima institucional óptimo.  |



|     |   |
|-----|---|
| A8  | Redactar, presentar e defender proxectos de investigación e informes, memorias, regulamentos, así como outros documentos básicos que contribúan a organizar a acción escolar e/ou socioeducativa.   |
| A9  | Capacidade para desenvolver procedementos e metodoloxías que potencien a interdependencia e unha comunicación fluída entre diferentes axentes educativos e culturais tanto a nivel interno como co social máis amplo.   |
| A10 | Ser capaz de impulsar e desenvolver estratexias que impulsen a cultura de traballo en rede.   |
| A11 | Capacidade para fomentar e liderar a creatividade e innovación nas entidades e institucións promovendo proxectos orientados ao cambio de culturas profesionais.   |
| A12 | Ser capaz de detectar necesidades de formación continua e da súa institucionalización como requisito asociado á mellora educativa.  |
| A13 | Ser capaz de detectar axentes locais e as súas políticas culturais e educativas activas así como as súas prácticas máis innovadoras.  |
| A14 | Adquirir destrezas para o diagnóstico de perfís competenciais idóneos dos equipos directivos, ofrecendo respostas axustadas a esa realidade.  |
| B1  | Capacidade de análise e síntese   |
| B3  | Habilidades para localizar e analizar información de fontes diversas  |
| B4  | Aprender a aprender   |
| B7  | Capacidade para elaborar e defender un discurso ante diferentes audiencias  |
| B10 | Traballo autónomo   |
| B12 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.  |
| B13 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.  |
| B14 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.  |
| B15 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.  |
| B16 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.  |
| C1  | Comunicar as conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades   |
| C2  | Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coas súas áreas de estudo.   |
| C6  | Capacidade de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclua reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos, valorando criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información disponible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |

| Resultados da aprendizaxe |  |      |      |
|---------------------------|--|------|------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título                                  |      |      |
|                           | Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo | AP1  | BM12 |
|                           | AP3  | BM13 | CM6  |
|                           | AP4  | BM14 |      |
|                           | AP5  | BM15 |      |
|                           | AP7  | BM16 |      |
|                           | AP8  |      |      |
|                           | AP9  |      |      |
|                           | AP11   |      |      |
|                           | AP12   |      |      |
|                           | AP13   |      |      |
|                           | AP14   |      |      |



|  |                    |                                  |     |
|--|--------------------|----------------------------------|-----|
| Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia | AP2<br>AP6<br>AP10 | BM1<br>BM3<br>BM4<br>BM7<br>BM10 | CM1 |
|--|--------------------|----------------------------------|-----|

| Contidos   |   |
|--|---|
| Temas  | Subtemas  |
| <p>Procedemento para a elección de temas:</p> <p>1-O profesorado presentará unha proposta de temas ou liñas para o TFM. Esas liñas serán publicadas na páxina web do mestrado</p> <p>2-Ao comezo das clases o alumnado/a terá ese listado de temas ou liñas</p> <p>3-Durante o primeiro mes de clases o alumnado/a, coa lista de temas, porase en contacto co profesor/a para acordar a dirección do TFM (lembrar que un profesor/a non pode dirixir máis de dous TFM).</p> <p>4-o alumnado/a deberá elaborar unha proposta de proxecto. Esta proposta debe presentarse nos prazos que faga pública a Comisión Académica e dirixiranse ao Coordinador do Mestrado. Unha vez aprobado pola Comisión Académica publicarase unha lista cos alumnos/as, o/a titor/a e o título do Proxecto aprobado.</p> <p>5-A comisión académica aprobará as datas tanto de preinscrición dos TFM, como tribunais dos TFM. Dita información aparecerá no taboleiro do mestrado, páxina web e a través do correo electrónico ao profesorado director dos TFM.</p> | <p>O Traballo Fin de Mestrado consistirá na realización por parte do alumnado dun traballo de cuxo obxectivo final é demostrar a suficiencia académica para a obtención do título de Mestrado. Esta materia está deseñada como estudo de profundización nalgún tema concreto dos tratados ao longo do Mestrado.</p> <p>O estudante deberá utilizar para isto o conxunto de habilidades, destrezas e actitudes adquiridas ao longo das ensinanzas, valorándose o progreso e resultado da aprendizaxe dos aspectos igualmente importantes: dun lado, a orientación científica referida aos contidos e, doutro, a aprendizaxe das técnicas de investigación procura de información, selección de lecturas, sistema de fichas, citas a pé de páxina, etc.).</p> <p>Asimismo valorarase a defensa pública ante un Tribunal cualificado composto por Doctores.</p> <p>Nesta exposición pública, o alumno demostra as súas capacidades na expresión oral, na argumentación e capacidade de resposta ás cuestións plantexadas polo tribunal avaliador así como das competencias específicas sinaladas no seu apartado correspondente.</p> <p>Cada alumno terá un titor que dirixirá o proceso e o asesorará no seu desenvolvemento.</p> <p>O traballo de fin de mestrado computará 6 créditos ECTS, que corresponderán, en exclusiva, ao traballo personal do alumno.</p> |

| Planificación          |  |   |                         |              |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados  | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados    | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A7 A8 A9 A10 A11<br>A12 A13 B1 B3 B4<br>B10 | 0                                       | 137                     | 137          |
| Presentación oral      | A14 B7 B12 B13 B14<br>B15 B16 C1 C2 C6                           | 1                                       | 9                       | 10           |
| Atención personalizada |  | 3                                       | 0                       | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías        |   |
|---------------------|---|
| Metodoloxías        | Descrición                                  |
| Traballos tutelados | Segundo a temática acordada co seu titor/a. |



|                   |  |
|-------------------|--|
| Presentación oral | <p><b>SOLICITUDE DE DEFENSA:</b></p> <p>Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFM, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, 4 exemplares, así coma o impreso de solicitude de defensa</p> <p><b>DEFENSA:</b></p> <p>Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo.</p> <p>Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 15 minutos e o tribunal disporá de 15 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debatir co alumno/a.</p> <p>O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para exposición.</p> <p>Traballos tutelados O alumnado realizara o TFM baixo a supervisión e guía da súa dirección académica.</p> <p>A dirección será responsable de expoñerlle ao estudiantado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento. Realizará un seguimento da elaboración do TFM e velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. Unha vez finalizada a elaboración autorizar a presentación e defensa do TFM.</p> |
|-------------------|--|

### Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición   |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Unha vez publicada a listaxe definitiva de asignación de temáticas e dirección académica, o alumnado terá que poñerse en contacto coa súa dirección académica. |

### Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias / Resultados  | Descrición   | Cualificación |
|---------------------|--|--|---------------|
| Presentación oral   | A14 B7 B12 B13 B14<br>B15 B16 C1 C2 C6                           | Avaliación global emitida polo tribunal sobre a adquisición de competencias reflectidas na presentación e defensa oral do TFG  | 30            |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A7 A8 A9 A10 A11<br>A12 A13 B1 B3 B4<br>B10 | Avaliación global emitida polo tribunal sobre a adquisición de competencias reflectidas no traballo tutelado (contido e formato), unha vez obtido o visto e prace da dirección académica do mesmo para a súa presentación e defensa. | 70            |

### Observacións avaliación



A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse o seu correspondente cualificación cualitativa:

? 0 ? 4,9: Suspenso (SS).

? 5,0 ? 6,9: Aprobado (AP).

? 7,0 ? 8,9: Notable (NT).

? 9,0 ? 10: Sobresaliente (SB).

A Comisión Avaliadora cumprimentara a correspondente Acta de Cualificación. O/A Presidente/a fará pública e a remitirá ao Coordinador do Mestrado.

Cada Comisión Avaliadora poderá propoñer en acta separada a concesión motivada da mención de "Matrícula de Honra" a Traballos de Fin de Mestrado que foran avaliados y cunha cualificación igual ou superior a 9. A Comisión Académica do Mestrado, a vista dos informes, decidirá sobre a asignación destas mencións e o Coordinador de Mestrado elevará un Acta Complementaria do acordo á Secretaría do Centro. O número destas mencións non poderá exceder do cinco por cento dos alumnos matriculados na correspondente materia TFM, salvo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, en cuxo caso poderá conceder unha soa "Matrícula de Honra"; sempre de acordo á normativa da UDC.

No caso de non realizar a presentación e defensa oral do Traballo Fin de Grao, tendo o informe favorable da dirección académica, a cualificación recibida será a de NON PRESENTADO

### Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Caicedo, Claudia (2016). ¿Cómo elaborar un trabajo final de máster?. Barcelona : Editorial UOC</li> <li>- Cunha Fanego, Iria da (2016). El trabajo de fin de grado y de máster : redacción, defensa y publicación. Barcelona : Universitat Oberta de Catalunya</li> <li>- Durán Martínez, Ramiro;Gómez Gonçalves, Alejandro; Sánchez Sánchez, Miguel Elias (2017). Guía didáctica para la elaboración de un trabajo académico. Salamanca: Iberoprinter</li> <li>- Muñoz-Alonso López, Gemma (2012). Estructura, metodología y escritura del trabajo de fin de máster. Madrid : Escolar y Mayo</li> </ul> <p>Bibliografía relacionada coa temática elixida polo estudante (consultar bibliografía das diferentes materias do mestrado).</p> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |   |

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías